

BERROBAMBÁN PRESENTA

PAULA CARBALLEIRA
**A CARRETA
PANTASMA**

UN ESPECTÁCULO A PARTIR DO FILME DE
VICTOR SJÖSTRÖM

DIRECCIÓN DE ESCENA: CHIQUI PEREIRA

DISTRIBUE



PRODUCE



COLABORA



A CARRETA PANTASMA é un espectáculo singular no que se afonda nos límites entre a narración oral e o teatro. É, por tanto, un exercicio de sinxeleza ao levar á escena o poder da palabra amplificado con elementos de significación escénica, unha exploración sobre a emoción a través dos mínimos artificios.

A CARRETA PANTASMA fálanos da morte, do medo e da memoria. Vivimos no inmediato e esquecemos con moita facilidade. Non lembramos quen somos,

de onde vimos, e, polo tanto, unha sensación de perda aniña en nós. A memoria colectiva – ao igual que a lingua – ofrécenos identidade e as dúas historias que compoñen este espectáculo pretenden poñer en valor a nosa tradición oral ao tempo que reivindican a relevancia do noso idioma e o seu lugar na historia da literatura.

A CARRETA PANTASMA baséase nunha lenda popular sueca que deu orixe á novela *O carreteiro* de Selma Lagerlöf,

a primeira muller en recibir un Nobel de Literatura e que o director de cinema Victor Sjöstrom levaría ás pantallas no ano 1921. Deste xeito, a narración oral, a narración escrita e o cinema conflúen no legado cultural dun país orgulloso da súa tradición. Se quixemos recuperar esta proposta é precisamente polas mesmas raíces ancestrais das que participamos e que son a clave para un futuro no que camiñemos da man do pasado que nos explica como pobo.





Ao xeito dos cinemas ambulantes dos inicios do século XX, as imaxes proxéctanse nunha pantalla feita dunha tea gastada. Da mesma maneira que alguén lles contaba as películas a aquelas persoas que non se podían pagar a entrada, Paula Carballeira vai introducirnos no mundo de **A CARRETA PANTASMA** cunha narración chea de digresións e interrupcións coas que ilustrar, a través de imaxes doutros filmes, anuncios ou video-clips sobre Galicia e o idioma, como nos retratan e como nos retratamos.

Cun claro obxectivo humorístico, inesperado e metateatral, estas parénteses provocarán a desesperación do director de escena que – por medio dunha voz en off – entrará en diálogo coa actriz para suplicarlle que respecte o guión previsto e narre as dúas historias que conformarían o espectáculo:

En Galicia, por moi duro que sexa o inverno, hai que deixar sempre unha ventá entreaberta, un oco por onde poidan fuxir as almas, prisioneiras ata a morte do corpo, porque alá fóra, nos camiños cubertos de néboa, agardan os emisarios da morte para recollelas e levalas ao Máis Alá. Se non, fican connosco e por iso ás veces herdamos problemas que en realidade non nos pertencen.

En Suecia, se alguén ten a morre na medianoite do derradeiro día do ano, toma o relevo do carreteiro da carreta pantasma, e non hai oficio máis cruel, porque esa persoa está morta, pero sofre coma se estivese viva, e ten que recoller as almas dos defuntos para levalas na carreta ata a presenza da Morte, que xa naceu vella e cansa, e non lle presta camiñar.

PAULA CARBALLEIRA

É unha das máis importantes contadoras de historias da Galiza, ademais dunha recoñecida escritora, actriz e directora teatral.

Adícase profesionalmente ao teatro e á narración oral desde 1994. Foi convidada aos principais festivais de narración oral tanto nacionais como internacionais (Brasil, Chile, Francia, Perú, Colombia, Cabo Verde, Portugal...) Participou en diversos programas e series da TVG e da Radio Galega como *Libro de familia*, *Apaga a luz*, ou *A Taberna da Galega*.

Membro da compañía teatral Berrobambán desde 1996, coa que coordinou a programación infantil *Asteroide B-612*, que se desenvolveu en Santiago de Compostela e no Concello de Ferrol. Ademais, dirixiu espectáculos de Talía Teatro ou a proposta do CDG para público infantil: *A cabana de Babaiagá*. Precisamente nesta última, ao igual que agora en **A CARRETA PANTASMA**, profundizábase na mistura entre as técnicas teatrais e a narración oral escénica.

CHIQUI PEREIRA

É graduado en Dirección de escena pola Esad-Galicia e especialista en Arte Dramática pola Universidade de Santiago de Compostela, onde tivo como profesores a Jacques Nichet ou Thomas Leabhart. No ano 2016 dirixe o seu primeiro proxecto internacional *Tráfico*, unha coprodución das compañías protuguesas Baal17 e Al Teatro. No sector audiovisual dirixiu seis curtametraxes paródicas sobre a política galega e foi director de dobraxe para o proxecto de animación en 3D *Os sextos sentidos* da Fundación Menela. Traballou como director artístico para a programación *Circo-lar* da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Actualmente está a realizar o Mestrado em Artes Cénicas da Universidade Nova Lisboa.



BERROBAMBÁN

Desde o ano 2000 producimos un total de once espectáculos teatrais para público familiar, entre os que podemos destacar Boas Noites, Bicharada , O Refugallo ou Xurdefet que tiveron un notable éxito de público, converténdonos nunha das compañías galegas con maior número de espectadores.

Participamos en programacións de Galicia, España, Portugal, Corea e Canadá e, polo medio, organizamos o Asteroide B-612, a primeira programación familiar estable en Galicia e o Circo-lar, unha programación familiar para a Consellería de Cultura.

O CDG encargounos A Cabana de Baibaiga, a adaptación dun conto ruso con moita, moita música. Tamén realizamos espectáculos de animación á lectura que nos levaron por moitas bibliotecas e centros educativos. Neste tempo estreamos catro espectáculos para público adulto; NdC., Vendetta, Pressing Catch e Avestruz en terra allea.





Produce



www.berrobamban.com

Distribue



www.urdime.net